



AULA DE CONVIVENCIA

IES de RODEIRA



I.- INTRODUCCIÓN:

A aula de convivencia é un dos recentes dispositivos orientados á convivencia escolar, postos en marcha en distintas Comunidades Autónomas nestes últimos anos e que na actualidade, tamén se plasma nos proxectos dos institutos de Galicia a partir do curso 2010-11 en que se aproba a Lei de Convivencia en nosa Comunidade Autónoma.

A **Ley 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, establece no seu artigo 19.3, que “se crearan nos centro **aulas de convivencia inclusiva**, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busque reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible”.

Constatamos no desenvolvemento da vida escolar que moitas veces, no día a día, ó alumnado ten poucas oportunidades, para reflexionar sobre as súas condutas contrarias ás normas, derivadas en parte pola organización actual en clases de 50 minutos, con diferentes profesores e profesoras e materias varias.

Outras veces, o feito de afastar ao alumnado momentaneamente do grupo - clase, evita que o conflito escale, ao desaparecer os comportamentos que reforzan as condutas contrarias ás normas.

Existen, en xeral, dous enfoques diferentes da aula de convivencia:

- a) O que ten por obxectivo crear un espazo destinado a resolver os conflitos de forma pacífica, dialogada e reflexiva, de xeito que contribúa a mellorar o clima de convivencia no centro (aula de reflexión).
- b) O que ten por obxectivo converter a aula nunha alternativa á sanción ou expulsión do centro para aqueles alumnos e alumnas sancionados con esta medida (aula de traballo).

A aula de convivencia é un lugar onde o diálogo, a reflexión sobre a actuación, a procura de solucións e compromisos son a pedra angular do traballo. É unha ferramenta da que pode valerse o centro para xestionar os conflitos, antes de aplicar as medidas sancionadoras que supoñan a privación do dereito de asistencia á clase.

II.- DEFINICIÓN:

A aula de convivencia é unha estratexia organizativa de xestión pacífica dos conflitos. Baséase na visión positiva do conflito, entendéndoo como oportunidade para a reflexión, para a integración democrática das normas e para a mellora persoal e da institución escolar.

Esta aula no IES de Rodeira pretende integrar 3 modalidades:

A aula de convivencia como aula de reflexión:

É un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide gravemente o normal desenvolvemento do traballo no grupo-clase. Nesta aula o profesorado trata de darlle axuda ao adolescente para que analice as súas condutas e se comprometa ao cambio.

A aula de convivencia como aula de traballo:

Trata de dar solución ao alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas, é obxecto de sanción durante un tempo (materias, recreos, días..) ou de privación do seu dereito de asistencia ao centro, sendo atendido nesta aula en vez de cumprir a sanción en outro espazo.

En caso de dispoñibilidade do instituto e sempre que non exista reincidencia na medida de expulsión á casa, o alumnado pode cumprir a sanción de expulsión ao seu domicilio nesta aula.

As tarefas que realizará o alumnado combinarán as actividades propiamente curriculares e traballos de reflexión sobre a súa conduta.

A aula de convivencia como observatorio da convivencia:

Procura datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo-clase ou sobre o centro escolar en xeral.

Estes datos son utilizados para a súa discusión, na procura de solucións e correccións preventivas.

III.-MODELO:

Desde un modelo de educación inclusiva, as características xerais dun deseño de aula serán:

1. Inclúense 3 vertentes de aula no centro: aula de reflexión, aula de traballo e observatorio da convivencia.

2. Contarase cunha persoa coordinadora con atribución horaria dentro do horario lectivo de alúmenos 3 sesións semanais (profesor designado ou xeralmente, a xefatura de estudos).
3. O número de persoas que atende a aula será o menor posible, co fin de garantir a súa coordinación, cando sexa preciso.
4. Débese promover a formación continua na resolución pacífica de conflitos de aquel profesorado que atenda esta aula.
5. O procedemento para corrixir as condutas contrarias ás normas ten carácter flexible e deberá adaptarse ás características particulares do alumnado, do seu ambiente sociofamiliar e do historial previo de solucións intentadas.
6. Como norma xeral, excepto problemáticas habituais ou nas que é necesaria unha actuación urxente, as medidas correctoras, en caso de reincidencia, tomaranse en pequeno grupo. Evitarase, a redundancia nas solucións intentadas, na procura doutras de carácter creativo e reparador.
7. Diseñarase unha ferramenta informática para o arquivo e a análise dos conflitos e das solucións intentadas.
8. Esta aula someterase a avaliación continua por parte do claustro, do observatorio da convivencia e do consello escolar, co obxecto da corrección das posibles dificultades e o avance continuo.

De xeito específico, gardaríanse as seguintes características inclusivas:

Aula de reflexión (AR):

- É preciso acordar entre todos os motivos polos que se pode derivar a un alumno/a á AR e polos cales non.
- O alumnado debe poder voltar á aula ordinaria se o profesor da aula de convivencia o considera.
- Os profesores/as que atenderán a aula deben empregar un modelo concreto de entrevista e as fichas de reflexión, co obxecto de evitar actuacións dispares.
- O profesorado que derive debe coñecer e interesarse polo resultado da reflexión.
- Limitase a 3 o nº de veces que un alumno ou alumna pode pasar pola aula de reflexión.
- O profesorado só pode derivar a un alumno ou alumna despois de intentar de forma reiterada distintas solucións para resolver a situación e que estas non deran resultado.

Aula de traballo (AT):

- O alumno acudirá á aula de traballo con material curricular, que será revisado e cualificado, polo profesor/a da materia correspondente.

- Limitarase o nº de veces que un alumno poida ser sancionado á AT.

➤ **Como norma xeral en ambos modelos de aula:**

-O profesorado implicado deben coñecer o resultado dos acordos acadados.

-As familias deben ser informadas e implicarse nos acordos aos que se chegaran na AR ou na AT.

-Tanto o alumno/a como a súa familia deberán ser parte activa na resolución dos seus propios conflitos.

Observatorio de convivencia deste aula (OCA):

-Levarase a cabo un rexistro informático do alumnado que pasou pola aula, con indicación de: datos do alumnado, grupo, data e motivo da derivación, profesorado que derivou, actitude do alumno/a na aula de convivencia, traballo realizado na aula, nº de veces que pasa pola aula, solucións intentadas.

-Contarase cunha reunión, cando sexa necesario, entre os membros da aula de convivencia, a xefatura de estudos e os membros do departamento de orientación.

-A información debe ser transmitida aos titores nas reunións que manteñen co departamento de orientación.

IV.-OBXECTIVOS:

1. Axudar ao alumnado, nun tempo e nun espazo, a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo, na procura dun cambio de actitude.

2. Establecer un espazo que permita ao alumnado distanciarse do foco ou das circunstancias que orixinan o conflito, evitando a súa escalada.

3. Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, por problemas reiterados de conduta, non pode permanecer na súa aula de referencia.

4. Dar unha resposta ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, deba ser privado de asistencia durante determinadas horas, materias ou días. Sendo esta actuación unha medida sancionadora de carácter intermedio, antes de chegar á privación do dereito a asistencia ao centro.

7. Medir a conflitividade no centro procurando datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo e sobre o Instituto en xeral.

V.-FUNCIONAMENTO.

- Este espazo estará atendido en horario lectivo polo profesorado que realiza funcións de garda específica nesta aula, preferentemente de entre os que o solicitaron voluntariamente. A elección do profesorado recaerá no equipo directivo.

-Poderán ser enviados a esta aula o alumnado da **ESO** e de **1º PCPI**.

A AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE REFLEXIÓN (AR):

O alumnado que impida de forma importante o desenvolvemento normal do grupo-clase, logo de poñer en práctica outras medidas e estratexias, sen acadar resultados, pode ser enviado á aula de convivencia. Para tal fin, seguiranse 9 pasos:

1. O profesor/a que estea impartindo clase envía ao delegado/a a buscar ao profesor/a de garda para que acompañe ó alumno/a a xefatura. Cando chegue o profesor de garda a recoller ao alumno/a, o profesor da clase informarlle de forma verbal e breve do motivo da derivación.
2. O profesor que derivou ao alumno informará da incidencia por escrito, o antes posible, tanto á xefatura de estudos como e ao titor ou titora:
 - a) Cubrirá para a xefatura o formulario “Derivación a xefatura ” (Anexo A), especificando detalladamente o motivo da derivación e deixaralle o formulario no casilleiro da sala de profesores (no reverso da ficha recóllense actuacións anteriores).
 - b) Informará ao titor/a facendo constar no parte de faltas, no apartado de observacións, a derivación do alumno/a a xefatura e a razón da mesma. O titor/a informará da situación á familia previo contacto con xefatura. En caso de reincidencia ou se non se observa cambio na conduta o/a titor/a citará á familia no centro e cubrirase e asinarase o anexo B.
3. Xa na Aula de Convivencia o alumno/a cumprimentará unha ficha de reflexión (Anexo C). Para elo o profesorado da Aula de Convivencia iniciará unha entrevista co alumno/a, co fin de acadar un compromiso concreto de mellora.

O alumno/a cubrirá:

- A “Ficha de reflexión. Primeira vez” se fose a primeira vez que acode á aula.
- A “Ficha de reflexión. Segunda vez” se fose a segunda vez que acode á aula.
- A “Ficha de reflexión.Terceira vez”, se fose a terceira vez que acode.
- Fichas específicas se fose por danos persoais ou materiais”.

Esta ficha quedará na propia Aula de Convivencia nun rexistro.

4. O alumno/a realizará tamén, se fose o caso, unha tarefa relacionada coa mellora da convivencia, (Anexo actividades)) que se axuntará a ficha de reflexión dese alumno/a.
5. Rematado o proceso o alumno/a volverá a súa aula ordinaria. O profesorado da Aula de Convivencia acordará as condicións de regreso á aula (petición de desculpas, pedir permiso ao entrar...etc..).
6. O profesorado que atende a Aula de Convivencia (profesor/a de garda) cumprimentará a continuación unha ficha autocopiable de resumo da entrevista e das propostas que faga (Anexo D), O orixinal da ficha o enviará á xefatura de estudos e a copia a engadirá ao rexistro dese alumno/a. Por outra parte, arquivará o caso nun rexistro de incidencias informático.
7. A xefatura de estudos, atendendo ao procedemento sancionador, imporá a sanción pertinente nos casos necesarios, facéndoo constar na ficha- resumo da entrevista. Contará coa opinión do titor/a. Se enviará comunicación á familia.
8. Semanalmente o xefe de estudos xunto coa orientadora revisarán os rexistros.
9. Quincenalmente o xefe de estudos realizará unha reunión cos titores e departamento de orientación onde informará das medidas correctoras adoptadas. Analizarase a súa traxectoria e recolleranse novas propostas.

A AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE TRABALLO (AT) :

O alumnado que cometa condutas contrarias ás normas durante o período de recreo, poderá ser enviado á aula de convivencia nas horas que se determinen, segundo a decisión da Xefatura de Estudos.

O alumnado que, pola acumulación de partes de conduta ou pola gravidade dos feitos, deba ser obxectos dunha sanción disciplinaria poderá cumprila na Aula de Convivencia, de acordo cos 7 pasos seguintes:

1. A xefatura de estudos, unha vez escoitada á persoa titora e a orientadora elaborará un informe indicando os motivos, os obxectivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas que realizará o/a alumno/a.
2. A xefatura de estudos solicitará ao equipo educativo as actividades formativas con material curricular para o período de expulsión (Fichas en anexo E1, E2).

3. O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión que o alumnado deberá realizar e entregarallas ao xefe de estudos.
A proposta pode implicar tamén á familia ou solicitude de colaboración con outros servizos (sociais, médicos..).
4. A xefatura de estudos, polo tanto, comunicará a resolución ao:
 - a. Alumno/a e a súa familia, mediante unha entrevista persoal ou por teléfono, e-mail, indicando os motivos, número de días e o número de horas, así como as distintas actividades formativas que realizará. Podería solicitarse colaboración familiar co fin de alcanzar os obxectivos (Ficha en Anexo F).
 - b. O profesorado da Aula de Convivencia, persoalmente ou mediante nota informática. Este profesorado rexistrará as actividades realizadas polo alumno e a actitude ante as mesmas. Indicará os exercicios non rematados (Ficha Anexo G1, G2).
5. Logo do período de expulsión na aula de convivencia, o material curricular remitirase ao profesorado correspondente. O material de reflexión de conduta quedará arquivado na Aula. Farase copia da “ ficha informe de actitude do alumno” para a persoa titora (Ficha Anexo G 2).
6. Cando un alumno acuda por segunda vez a AT abrírase ficha de “registro individualizado de conduta” que ten por obxecto rexistrar e elaborar hipóteses sobre o mantemento do problema. (Ficha Anexo H)
7. Trimestralmente, a dirección do centro, reunirá ao Observatorio da Convivencia para comunicarlle as derivación á aula de convivencia.

COORDINACIÓN:

A coordinación da Aula de Convivencia recaerá no profesor designado ou de no existir este, no xefe de estudos. Serán as súas responsabilidades as seguintes:

- Arquivar a incidencia do alumnado usuario da aula de convivencia.
- Redactar os informes mensuais ou trimestrais de información a comunidade educativa.
- Facer un seguimento do alumnado que pasa pola aula de convivencia.
- Convocar cantas reunións sexan necesarias para a correcta coordinación do proceso e do profesorado que atende a aula.
- Informar ás familias do alumnado.
- Solicitar o material curricular preciso para a atención do alumnado durante os períodos de expulsión.

- Solicitar ao departamento de orientación do centro o material de reflexión de conduta.
- Promover a formación continua do profesorado da Aula de Convivencia sobre resolución de conflitos. Informar sobre o funcionamento da Aula de Convivencia.

O **profesorado que atende a aula de convivencia** terá as **funcións** seguintes:

- Axudar a reflexionar ao alumno/a que acode a aula, impulsándoo á redacción de compromiso de mellora. Axudar a cubrir a ficha de reflexión (**ANEXO C**)
- Cando non sexa capaz de facer reflexionar ao alumno/a propondrá a súa derivación a outras instancias:
 - Departamento de orientación.
 - Dirección.
- Cubrir a ficha resumo da entrevista e de propostas

O **profesorado que expulsa** terá que:

- Cubrir correctamente o parte de derivación á xefatura. (**ANEXO A**)

O **profesorado-titor** terá que: Informar á familia (**ANEXO B**).

- Visto os informes individuais do alumnado, poderá intervir sobre o caso:
 - Falando individualmente co alumno/a.
 - Propoñendo unha entrevista titor-familia.
 - Traballando o tema na hora de titoría.
 - Calquera outra que considere oportuna.

O **profesorado do grupo-clase** debe proporcionar o material curricular con prontitude, para o traballo do alumno durante o período de expulsión na aula de convivencia ou na casa.

O **Departamento de Orientación** do centro deberá coñecer os casos que pasen pola aula de convivencia e proporcionar o material de convivencia que considere axeitado.

ANEXOS

AULA DE CONVIVENCIA COMO REFLEXIÓN



**EXPLICACIÓN DAS FICHAS E ANEXOS BÁSICOS
DA AULA CONVIVENCIA- AULA DE REFLEXIÓN (AR).**

ANEXO Nº A:

Ficha de derivación a Xefatura- Reflexión (AR) :

ANEXO Nº B:

Ficha de información á familia por parte do titor/a, notificándolles e pedíndolles colaboración.

Esta ficha deberá ser devolta ao titor/a polo alumno/a derivado a xefatura.

ANEXOS Nº C:

Fichas de reflexión do alumnado: 1º vez; 2º vez e 3º vez ; danos materiais; danos persoais.

Utilízanse para unha entrevista rápida co alumnado. Tamén son útiles cando chegan dous alumnos á vez e non é posible ter un trato individualizado ou ben cando se lle presupón capacidade suficiente para unha reflexión autónoma.

ANEXO Nº D:

Ficha resumo do aula de convivencia (AR):

Supón o resumo nunha soa folla de todo o proceso do conflito desde o seu comezo ata a súa sanción. É un material autocopiable.

ANEXO ACTIVIDADES (En dossier específico)

ANEXO A : FICHA DE DERIVACIÓN A XEFATURA

PROFESOR/A:

ALUMNO/A:

MATERIA:

GRUPO:

DATA:

SESIÓN:

CONDUTAS CONTRARIAS A NORMA EN RELACIÓN Á MARCHA DA CLASE:

--

CONDUTAS CONTRARIAS A NORMA EN RELACIÓN AOS COMPAÑEIROS:

--

CONDUTAS CONTRARIAS A NORMA EN RELACIÓN ÁO PROFESOR/A:


--

OUTRAS:

--

¿ DESENVOLVEUSE, CON ANTERIORIDADE, ALGUNHA ACTUACIÓN EN RELACIÓN Á CONDUTA POLA QUE SE DERIVA AO ALUMNO/A?.

En caso afirmativo, indicar cales:



Sinatura do profesor/a:

.....

Esta folla pegala no reverso de cada folla de reflexión (anexo A)

ANEXO B : COMUNICACIÓN Á FAMILIA

Comunícolle que o comportamento inadecuado do seu fillo/a _____, impediu o normal desenvolvemento da clase e provocou a súa expulsión en: _____.

Polo que foi remitido a xefatura e logo ao aula de convivencia, para realizar as actividades correspondentes.

Confiamos na súa disposición a colaborar co centro para que non volva a repetirse unha situación semellante.

De repetirse un comportamento contrario ás normas de convivencia, tomaranse as medidas indicadas no Regulamento de centro e no Real Decreto 732/1995 do 5 de maio que regula os Dereitos e Deberes dos alumno/as.

FEITO ACONTECIDO:

Cangas, a _____ de _____ de 20____

Asdo. O/A Titor/a

Informado/a da situación: En Cangas a ----- de de

Asinado **pai/nai**/titor/a legal

ANEXO C: FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (1º Vez)

Alumno/a: **Sesión:**.....
Grupo-Clase:..... **Data:**

Profesor/a que deriva ao aula de convivencia:
.....**Materia:**

1º.- Relata que ocorreu na aula para que o profesor/a te enviara á aula de convivencia. Por que pensas que estás aquí?

2º.- Como te sentiches cando o profesor/a dixo que tiñas que vir aquí?

3º.-Que motivos cres ti que tivo o profesor/a para mandarte aquí?

4º.- Como cres que se sentiu a persoa ou persoas afectadas?

5º.- Intenta porte na situación do profesor/a. Que farías se alguén se comportase coma ti hoxe?

6º.- Se volve a pasar o mesmo... Cómo poderías actuar para non ser expulsado?

7º.- Cómo podes facer para resolver este problema?. Escribe a que te comprometes.

8º.- Como te sentes agora?

Sinatura

ANEXO C: FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (2º Vez)

Alumno/a: **Sesión:**.....
Grupo-Clase..... **Data:**

Profesor/a que deriva ao aula de convivencia:
.....**Materia:**

1º.- Relata que ocorreu na aula para que o profesor/a te enviara á aula de convivencia. Por que pensas que estás aquí?

2º.- Como te sentiches cando o profesor/a dixo que tiñas que vir aquí?

3º.-Que motivos cres ti que tivo o profesor/a para mandarte aquí?

4º.- Como cres que se sentiu a persoa ou persoas afectadas?

5º.- Intenta porte na situación do profesor/a. Que farías se alguén se comportase coma ti hoxe?

6º.- Se volve a pasar o mesmo... Cómo poderías actuar para non ser expulsado?

7º.- Cómo podes facer para resolver este problema?. Escribe a que te comprometes.

8º.- Como te sentes agora?

Sinatura

ANEXO C: FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO (3º Vez)

Unha persoa pode faltar á súa palabra e contradicir un acordo unha vez, pero non continuamente, máis aínda se temo en conta que o primeiro beneficiado es ti.

A próxima ocasión non poderemos axudarche na Aula de Convivencia, e a Dirección do instituto terá que impoñerche unha corrección doutro tipo.

Unha vez lida a ficha que escribiches a última vez, contesta con atención ás preguntas:

1º.- Escribe os teus compromisos da ficha nº 1 e nº 2.

2º.- De todo o que tiñas formulado, que saíu mal? Por que?

3º.- Relata que aconteceu esta vez na aula para que o profesor/a te enviara de novo á aula de convivencia. Por que pensar que estás aquí?

4º.- Que podemos facer para que as cousas saian mellor?

6º.- Novo compromiso

Sinatura

ANEXO C FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO
POR DANOS MATERIAIS

Nome: Grupo: Data:.....

Eu, comprométome a reparar o dano causado ao material de: _____ (1)

Para iso vou realizar as seguintes actividades (2):

- o Pedir desculpas.
- o Arranxalo ou reparalo.
- o Restituír o material
- o Outras (3):

Co compromiso de que non se volverá a repetir.
Indica o prazo máximo en que vas a reparar o dano

Cangas, a..... de de

O / a alumno/a:

-
- (1) Persoas concretas.
 - (2) Sinalar
 - (3) Indicar cales.

ANEXO C FICHA DE REFLEXIÓN PARA O ALUMNADO
POR DANOS PERSOAIS

Nome: Grupo: Data:.....

Eu _____, comprométome a reparar o dano causado a
_____ (1), pola falta de respecto á súa
persoa _____
_____. (2).

Para iso vou realizar as seguintes actividades (3):

- o Pedir desculpas.
- o Mediación
- o Observar os aspectos positivos da súa persoa.
- o Outras (4):

Co compromiso de que non se volverá a repetir.

Cangas, a..... de de

O / a alumno/a:

-
- (1) Persoas afectadas
 - (2) Insultándolle, pegándolle, mentíndolle, gritándolle, impedindo o desenvolvemento da clase...)
 - (3) Sinalar
 - (4) Indicar cales

ANEXO D: FICHA RESUMO ENTREVISTA E PROPOSTAS

Profesor que derivou ao Aula :

Profeso/a de garda na Aula :

Alumno/a expulsado: Grupo: Data:

1º.- ANÁLISE DA ACTITUDE DO/A ALUMNO/A

1.1.- O/A /a alumno/a entrou na aula de convivencia:

- Chorando
- Alterado
- Con actitude pasiva
- Con actitude violenta, desafiante
- Con boa actitude.
- Outras: _____

1.2.- Sobre a reflexión:

- Reflexionou sobre o que pasara na aula.
- Limitouse a cubrir o protocolo sen reflexionar.
- Non cubriu o protocolo (anexo C).

2º.- RESUMO DA ENTREVISTA E ACORDOS:

3º.- PROPOSTA DE INTERVENCIÓN DOUTRAS INSTANCIAS:

- Derivar ao Departamento de orientación.
- Derivar á Xefatura de estudos
- Derivar ao Director
- Intervención de Servizos Sociais

COMENTARIO/ SANCIÓN DA XEFATURA DE ESTUDOS:

Esta folla pegala no reverso de cada folla de reflexión (anexo C)

AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE TRABAJO



EXPLICACIÓN DAS FICHAS E ANEXOS BÁSICOS DA AULA CONVIVENCIA - TRABALLO(AT).

ANEXOS E1, E2:

Notificación de expulsión-solicitud de material curricular.

Colócase na sala de profesores nun lugar visible para solicitar antes de 2 días o material curricular para a AT, previa a cumprimentación pola Xefatura .

ANEXO F:

Información ás familias:

Información ás familias sobre a súa derivación á AT ou sobre a privación do dereito de asistencia. Inclúe a sinatura do alumno co obxecto comunicarlle a sanción e recordarlle a súa responsabilidade

ANEXO G1:

Traballo realizado polo alumno.

Na última hora de expulsión, o alumno cóbrea para cada materia, anexando o seu traballo. Indicara ao final os exercicios non rematados. Entregaralla ao titor/a para que a faga chegar a cada profesor/a.

ANEXO G2:

Informe da actitude do alumno/a:

Supón un resumo do traballo e actitude do alumno durante o período de expulsión e queda constancia no aula. Informarase ao titor.

ANEXO H:

Rexistro individualizado de conduta:

É unha rexistro acumulativo que se actualiza. Resúmese a información máis relevante a nivel de conduta. Cóbrese a 2º vez que un alumno vai á AT e utilízase cando é necesario sancionarlle, pois aquí constan as solucións intentadas anteriormente polos diferentes axentes, así como hipóteses sobre que está mantendo o problema.

**ANEXO E1:
NOTIFICACIÓN DE EXPULSIÓN – SOLICITUDE DE MATERIAL CURRICULAR**

O/A alumno/a cumprirá a sanción polas súas condutas contrarias ás normas, os días

.....
Polo que, **SOLICITO O MATERIAL CURRICULAR correspondente o antes posible.**

Atentamente. Agradecendo a túa colaboración.

A Xefatura de Estudos

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

**ANEXO E2:
NOTIFICACIÓN DE PRIVACIÓN DO DEREITO DE ASISTIR AO CENTRO.
SOLICITUDE DE MATERIAL CURRICULAR.**

O/A alumno/a será privado de dereito de asistencia á clase (expulsión á casa) os días

Polo que, **SOLICITO O MATERIAL CURRICULAR correspondente o antes posible, especificando tamén si ten exame algún deses días.**

Atentamente. Agradecendo a túa colaboración.

A Xefatura de Estudos

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

MATERIA:.....

TAREFAS QUE DEBE REALIZAR O/A ALUMNO/A:

ANEXO F:
AULA DE CONVIVENCIA : INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Alumno/a : Data da expulsión:.....

Logo da oportuna reflexión sobre as condutas contrarias ás normas propóñense as seguintes medidas reparadoras:

- Expulsión á **Aula de Traballo**: sendo atendido nesta aula en vez de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de mellora da conduta.
Recordamos que é necesario traer todo o material escolar (libros, bolígrafos, compás,etc..).
- Expulsión a casa, realizando os traballos curriculares e de Convivencia, entrevistándose coa Educadora familiar do Concello.
- Expulsión a casa, comprometéndose a entregar o traballo curricular e de Convivencia correspondente.

Para calquera aclaración, non dubide en chamar ou concertar cita no centro.

Enterado/a da decisión, asinan:

O/A alumno/a

O/A pai/nai/titor/a

A xefatura de estudos

**ANEXO G1:
AULA DE CONVIVENCIA- TRABALLO REALIZADO POLO ALUMNO/A**

ALUMNO/A :

EXERCICIOS DA MATERIA DE:

EXERCICIOS DA MATERIA NON REMATADOS:

VISTO E CONFIRMADO POLO PROFESOR/A DA AULA DE TRABALLO:

Profesor/a:

Asinado:

-GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN-

ANEXO G2:
AULA DE CONVIVENCIA : INFORME DA ACTITUDE DO ALUMNO/A

Alumno/a : Data da expulsión:.....
Día: -.....

Sesión	Tarefas realizadas	Actitude do alumno/a
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		
6º		
7º		
8º		
9º		

**ANEXO H:
AULA DE CONVIVENCIA: REXISTRO INDIVIDUALIZADO DE CONDUTA**

Alumno/a : Data de Nacemento:.....
 Curso académico: Grupo: Titor/a:
 Teléfonos de contacto :

TRAXECTORIA ESCOLAR		
	Primaria	Secundaria
Repetiu: Si () Non ()	1º ciclo <input type="checkbox"/> 2º ciclo <input type="checkbox"/> 3º ciclo <input type="checkbox"/>	1º ESO <input type="checkbox"/> 2º ESO <input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 4º ESO <input type="checkbox"/>
Medidas de atención á diversidade	<input type="checkbox"/> Reforzo áreas:..... <input type="checkbox"/> AC áreas: <input type="checkbox"/> Agrupamento: <input type="checkbox"/> Apoio D.Orientac:.....	<input type="checkbox"/> Reforzo :..... <input type="checkbox"/> AC : <input type="checkbox"/> Agrupamento: <input type="checkbox"/> Apoio D.Orientac:.....

Aspectos da súa personalidade que inflúen na conduta:

Tipo de conflitos frecuentes:

Influencia do contexto familiar e implicación na busca de solucións:

Hipóteses sobre o mantemento do problema:

Solución intentadas no centro (especificar datas e acordos)	
Titoría	
D. de Orientación	
Mediación	
Xefatura/Dirección	
Servizos Sociais	
Outras	
Solucións intentadas coa familia (especificar data e acordos)	

Esta folla pegala no reverso de cada folla (Anexo H)